

MATERIA
Variedades do Inglés

TITULACIÓN
Grao en Lingua e Literatura Inglesas

unidade
didáctica
5

As variedades intranacionais e internacionais do inglés

Daniela Pettersson-Traba
María José López-Couso

Área de Filoloxía Inglesa
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-17595-60-9

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595609>

MATERIA: Variedades do Inglés

TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Inglesas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Introducción

A variación lingüística

Lingua, dialecto e conceptos relacionados

O estándar

As actitudes lingüísticas

Unidade II. Materiais para o estudo das variedades do inglés

O *Electronic World Atlas of Varieties of English* (eWAVE)

Arquivos de gravacións das variedades do inglés

Corpus lingüísticos

Unidade III. Modelos para a clasificación das variedades do inglés no mundo

O modelo de círculos concéntricos de Kachru (1985)

O círculo das variedades do inglés de McArthur (1987)

O modelo dinámico de Schneider (2007): énfase nos ingleses poscoloniais

O sistema de Mair (2013): énfase nas variedades non estándar

Unidade IV. As variedades de referencia: inglés británico e inglés americano

Ortografía

Fonoloxía

Vocabulario

Gramática

Unidade V. As variedades intranacionais e internacionais do inglés

Variedades intranacionais

O inglés nas Illas Británicas

O inglés nos Estados Unidos

Variedades internacionais

Variedades normativas nacionais

Os «novos ingleses»: algúns exemplos

Linguas crioulas de base inglesa

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

1. Contextualización
2. Requisitos previos
3. Xustificación

OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia
2. Obxectivos específicos da UD

CONTIDOS BÁSICOS

1. Variedades intranacionais
 - 1.1 O inglés nas Illas Británicas
 - 1.2 O inglés nos Estados Unidos
2. Variedades internacionais
 - 2.1 Variedades normativas nacionais
 - 2.2 Os «novos ingleses»: algúns exemplos
 - 2.3 Linguas crioulas de base inglesa

METODOLOXÍA

1. Recursos e materiais

ACTIVIDADE PROPOSTA

1. Descrición xeral
2. Fases da actividade proposta

AVALIACIÓN

1. Avaliación inicial
2. Avaliación procesual
3. Avaliación final

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

1. Guía das presentacións orais e ensaios escritos
2. Listaxe de variedades para as presentacións e ensaios escritos

PRESENTACIÓN

1. Contextualización

A presente unidade didáctica (UD), dedicada ao estudo das variedades intranacionais e internacionais da lingua inglesa, forma parte da materia *Variedades do Inglés* (G5061345), materia opcional de 6 créditos (ECTS) do *Maior Plus en Lingua e Literatura Inglesas*. A materia impártese no segundo cuadrimestre do terceiro curso do *Grao en Lingua e Literatura Inglesas* (G5051V01).

En particular, a UD aborda o derradeiro tema da materia, no que se introducen, en primeiro lugar, as variedades do inglés denominadas intranacionais, é dicir as faladas no Reino Unido e nos Estados Unidos de América (EUA). Por outro lado, dedícase tamén tempo ás variedades coñecidas como intranacionais, entre as que atopamos variedades que serven como estándares nacionais, como por exemplo o inglés australiano en Australia ou o inglés canadense en Canadá. Entre os ingleses internacionais tamén se clasifican outras variedades poscoloniais ou denominados «novos ingleses» (*New Englishes*), que xurdiron nas antigas colonias británicas — por exemplo, o inglés da India ou o inglés nixeriano— ou nos territorios que foron colonizados polos EUA, como é o caso do inglés filipino, así como algunhas linguas crioulas, como o Tok Pisin ou o Patois xamaicano, faladas en Papúa Nova Guinea e Xamaica respectivamente.

2. Requisitos previos

Tal como se menciona na guía docente da materia, o estudantado debe posuír un bo nivel de inglés oral e escrito equivalente ao B.2 do *Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas* (MCER), posto que a materia se imparte integramente en inglés. É ademais aconsellable que o alumnado cursara previamente a materia obrigatoria *Fonética e Fonoloxía Inglesas* (G5061226) de segundo curso, xa que para desenvolver parte da materia son esenciais coñecementos básicos para a análise e transcripción fonética da lingua inglesa.

3. Xustificación

A relevancia da materia *Variedades do Inglés* no contexto dos estudos filolóxicos ingleses é evidente, pois está estreitamente ligada a varias das materiais troncais do *Grao en Lingua e Literatura Inglesas*, como as seguintes:

- As materias dedicadas ao estudo das normas estándar da lingua inglesa, nomeadamente *Lingua Inglesa 1-3*, *Fonética e Fonoloxía Inglesas*, *Morfosintaxe da Lingua Inglesa* e *Sintaxe e Semántica da Lingua Inglesa*.
- A materia *Historia e Cultura dos Países de Fala Inglesa*, que dedica parte do seu temario á historia do imperio británico e á supremacía internacional dos EUA.

- Finalmente, algunhas das materias da área de literatura, como *Literatura Norteamericana 1-2* e *Literatura Poscolonial*, tamén son particularmente relevantes para a análise das variedades do inglés. Isto débese a que moitas das características dos dialectos que se tratan en *Variedades do Inglés*, tanto morfosintácticas ou léxicas como fonolóxicas, están reflectidas en moitos dos textos literarios que se estudan nestas tres materias.

Ademais de estar intimamente relacionada con estas materias, *Variedades do Inglés* é importante para complementar a formación básica que se proporciona noutras materias do *Grao en Lingua e Literatura Inglesas*. Por exemplo, mentres que todas as materias da área de lingüística inglesa tratan exclusivamente as variedades internacionais, e máis concretamente o estándar británico —o dialecto coñecido como *Received Pronunciation* ou *RP*—, *Variedades do Inglés* é a única materia que se centra en detalle noutras variedades da lingua inglesa. Isto é crucial, xa que calquera lingua é moito máis que a/s súa/s variedade/s estándar. Neste contexto convén salientar ademais que polas particularidades históricas e o poder masivo que experimentou o Imperio Británico e máis recentemente os EUA, a lingua inglesa espallouse de tal xeito que na actualidade se emprega non só nos países nos que ten status oficial, senón que tamén é a principal lingua franca para a comunicación internacional en todo o mundo. Deste xeito, a lingua inglesa bríndanos unha oportunidade única de indagar e documentar a variación e o cambio lingüístico que se está a producir dentro dunha soa lingua, nunha escala moito maior, que saibamos, do que xamais ocorreu na historia lingüística do mundo (Cheshire 1991: 1).

OBXECTIVOS

A continuación preséntanse tanto os obxectivos principais da materia *Variedades do Inglés* como os específicos da presente UD:

1. Obxectivos xerais da materia

A materia constitúe unha introdución xeral á ampla gama de variedades do inglés existentes na actualidade e aos métodos e recursos empregados no seu estudo. De xeito máis concreto, *Variedades do Inglés* céntrase na descrición dos trazos formais máis salientables das variedades xeográficas da lingua inglesa máis estendidas. Polo tanto, os obxectivos xerais da materia son os seguintes:

- Iniciarse no estudo da variación lingüística na lingua inglesa.
- Familiarizarse cos trazos distintivos das variedades do inglés máis estendidas.
- Recoñecer as pautas de variación máis significativas en inglés nos diferentes niveis lingüísticos de análise (fonoloxía, vocabulario, morfoloxía, sintaxe).
- Aprender os fundamentos metodolóxicos para a comparación sistemática das variedades do inglés.

- Coñecer e comprender os procesos históricos que deron lugar á actual diversidade de variedades da lingua inglesa.
- Tomar conciencia do carácter inherente da diversidade, variación e cambio lingüísticos.

2. Obxectivos específicos da UD

Coas destrezas traballadas na actividade que se propón nesta UD, o alumnado, ademais de cumprir os obxectivos xerais da materia descritos no apartado anterior, desenvolverán mediante a investigación en equipo unhas competencias máis específicas, entre outras as seguintes:

- Afondar no coñecemento dunha variedade concreta da lingua inglesa no que atinxe ás súas características principais a nivel fonético, morfosintáctico e léxico.
- Poñer en práctica os coñecementos adquiridos sobre os distintos métodos empregados no estudo da variación da lingua inglesa mediante o uso de materiais electrónicos como os atlas lingüísticos, arquivos de gravacións e corpus lingüísticos computarizados.
- Identificar similitudes e diferenzas entre as variedades estudadas nos diferentes niveis lingüísticos de análise (fonoloxía, vocabulario, morfoloxía, sintaxe).
- Coñecer e comprender o porqué das características específicas de distintas variedades do inglés mediante o estudo en detalle da contextualización e os procesos históricos que as produciron.
- Mellorar as habilidades de debate e discusión crítica.
- Perfeccionar a capacidade de traballo en equipo mediante unha tarefa compartida.

CONTIDOS BÁSICOS

Esta sección serve de introdución aos contidos que se tratarán no transcurso da presente UD, que está dividida en dous grandes bloques: por unha banda, as variedades intranacionais e, por outra, as variedades internacionais. Dado que a UD ten un carácter principalmente práctico e de traballo autónomo por parte do estudiantado, os contidos aquí descritos corresponden fundamentalmente coas clases teóricas previas nas que o profesorado presentará os distintos tipos de variedades da lingua inglesa.

1. Variedades intranacionais

Ademais das variedades estándar da lingua inglesa, introducidas na Unidade IV, dentro das Illas Británicas e os EUA atopamos unha gran variedade de distintos dialectos non-estándar que teñen as súas propias particularidades nos distintos

niveis lingüísticos. Neste grupo podemos mencionar exemplos como o inglés irlandés ou o inglés escocés en Gran Bretaña, ou o inglés afroamericano e o inglés chicano nos EUA.

1.1 O inglés nas Illas Británicas

O inglés foi introducido nas Illas Británicas, máis concretamente no que hoxe é Inglaterra, polos anglosaxóns no século V d.c. Non obstante, a expansión da lingua inglesa non tivo lugar ata o reinado de Isabel I (1533-1603), primeiro ao resto das illas e máis adiante tamén a outros continentes (Freeborn 1986: 22). Un dos primeiros territorios nos que se estableceu o inglés foi Irlanda, nas proximidades de Dublín, seguida de Gales e Escocia, onde foi imposto polos ingleses. Pouco a pouco o inglés foi tendo cada vez un papel máis significante ata que as linguas rexionais foron finalmente relegadas aos ámbitos máis privados. Non obstante, o inglés nestas áreas xeográficas das Illas Británicas foi influenciado por esas linguas rexionais e, como consecuencia, hoxe en día as variedades do inglés faladas nestas zonas difiren moito do inglés estándar de Inglaterra. Se ben o inglés irlandés e o escocés son variedades distintas, as dúas teñen moito en común. Unha das razóns fundamentais das similitudes entre as dúas variedades é que ás linguas de substrato son linguas célticas estreitamente relacionadas —o gaélico escocés e o gaélico irlandés— e, polo tanto, as dúas variedades comparten moitas características léxicas. No que concirne ao inglés irlandés e o inglés escocés é tamén importante salientar que aínda que estas variedades non teñen o status de estándares internacionais e de que a lingua inglesa foi imposta nestes territorios, non son consideradas variedades coloniais. Isto débese principalmente a que as dúas variedades exerceron unha gran influencia no desenvolvemento doutras variedades na era colonial e poscolonial debido ao alto número de emigrantes irlandeses e escoceses nas colonias do Imperio Británico noutros continentes, como aconteceu nos EUA.

1.2 O inglés nos Estados Unidos

A chegada do inglés ao continente americano produciuse cos primeiros colonizadores a principios do século XVII, no asentamento de Jamestown, e foise estendendo paulatinamente ao longo da costa este do que hoxe son os EUA. Tras a independencia dos EUA no século XVIII a lingua foise establecendo tamén no resto de Norte América. Existen indicios de que, xa pouco despois da independencia, o inglés americano estaba a converterse nunha entidade separada do inglés británico, entre outros motivos, pola influencia das diferentes e variadas linguas coas que coexistía nos distintos asentamentos, como por exemplo o español na área de Florida, o alemán en Pensilvania e Nova York ou o francés en Nova Orleáns. De feito, hoxe en día podemos falar de múltiples dialectos do inglés americano, por exemplo, o inglés chicano, falado nas zonas onde o inglés convive co español mexicano, e o inglés afroamericano, que ten a súa orixe na chegada dos escravos africanos importados aos EUA para traballar nas plantacións.

2. Variedades internacionais

Nas denominadas variedades internacionais atopamos dialectos do inglés de distinto tipo que merecen ser abordadas de maneira independente. Estas son as variedades normativas nacionais, os «novos ingleses» ou ingleses fundamentalmente poscoloniais, así como as linguas crioulas de base inglesa.

2.1 Variedades normativas nacionais

Neste grupo inclúense variedades faladas principalmente como linguas nativas e que teñen a función de norma estándar nos países nos que se falan. Este é o caso do inglés australiano en Australia, o inglés neozelandés en Nova Zelandia, o inglés canadense en Canadá e o inglés sudafricano en Sudáfrica.

2.2 Os «novos ingleses»: algúns exemplos

Entre os ingleses internacionais tamén se atopan varios dialectos poscoloniais que xurdiron nas antigas colonias británicas. Estas variedades, por norma xeral, non teñen a función de estándares e son faladas maioritariamente como segundas linguas, coexistindo, polo tanto, coas linguas indíxenas destes países. A función do inglés nestes lugares é comunmente a de lingua vehicular ou de lingua falada en contextos oficiais, como son a administración, a política ou a educación. Como exemplos desta categoría pódense mencionar o inglés de Hong Kong ou o inglés nixeriano. Cabe resaltar que aínda que a gran maioría dos ingleses poscoloniais teñen unha base británica, tamén existen variedades de base estadounidense, como é o caso do inglés de Filipinas.

2.3 Linguas crioulas de base inglesa

As linguas crioulas de base inglesa son aquelas variedades que xurdiron en situacións de contacto onde os colonizadores de fala inglesa convivían con poboacións que non coñecían o inglés. En xeral, nestas circunstancias existiu unha forte presión sobre o grupo indíxeno para empregar a lingua inglesa, a variedade do grupo socioeconomicamente superior. Non obstante, a exposición do inglés á poboación indíxena era moi limitada e, en consecuencia, xurdiron variedades que mesturaban elementos da lingua local e do inglés. Aínda que orixinalmente as linguas crioulas se desenvolveron para mellorar a comunicación entre ambos grupos de falantes, moitas variedades deste grupo convertéronse pouco a pouco na primeira lingua da gran maioría da poboación nestas comunidades. Exemplos deste tipo de variedades estudadas nesta UD son o Patois xamaicano en Xamaica e o Tok Pisin en Papúa Nova Guinea.

METODOLOXÍA

Se ben a presente UD ten un carácter eminentemente práctico, as aulas introdutorias da UD están estruturadas fundamentalmente como clases maxistras nas que o profesorado transmite a información básica sobre os distintos tipos de variedades a tratar nos traballos (véxase o apartado de [Contidos básicos](#)). Nas restantes sesións de índole práctico, o alumnado será o encargado de expor os datos e resultados das súas indagacións sobre unha variedade inglesa particular, así como de explicar as decisións tomadas en distintos momentos da súa investigación. Nestas sesións agárdase que o alumnado integre e desenvolva os coñecementos, capacidades e destrezas acadados ao longo da materia, e incluírá aspectos como a busca e revisión bibliográfica, a lectura e integración de información e o emprego dos materiais electrónicos, entre outros.

Polo tanto, aínda que a UD se levará a cabo baixo a supervisión do profesorado, que guiará e asesorará ao alumnado nas clases e titorías, fomentando o manexo de lecturas e material electrónico, é responsabilidade do estudantado realizar as lecturas e tarefas adicionais suxeridas para ampliar os seus coñecementos teóricos e perfeccionar a súa comprensión da materia.

1. Recursos e materiais

Para o desenvolvemento da UD, empregaranse os medios dos que dispón a aula de informática na que terán lugar as clases: ordenadores individuais, que permiten a cada estudante investigar sobre a súa variedade e ter acceso aos materiais electrónicos, así como proxector e pantalla para a mellor visualización das presentacións do profesorado e do alumnado. Ademais, compartiranse todos os materiais das distintas variedades na Aula Virtual da materia, na que o alumnado terá a oportunidade de facer comentarios e preguntas mediante o uso do foro, fomentando así un maior grao de aprendizaxe autónoma. Tamén se terán en conta os recursos dos que dispón a biblioteca da Facultade de Filoloxía para o adecuado desenvolvemento do traballo.

ACTIVIDADE PROPOSTA

1. Descrición xeral

A actividade proposta titúlase «Aproximación a unha variedade xeográfica da lingua inglesa» e consiste nun traballo en parellas ou pequenos grupos (de 4 persoas máximo) que o alumnado levará a cabo ao longo do cuadrimestre no que se imparte a materia. Coa preparación deste traballo preténdese que cada un dos grupos afonde nos seus coñecementos dunha variedade específica da lingua inglesa no mundo anglófono que lle será asignada nas primeiras semanas do cuadrimestre. Así mesmo, espérase que o estudantado poña en práctica as competencias introducidas nas distintas UDs das que consta a materia, especialmente no que se refire aos materiais e métodos empregados no estudo da variación da lingua introducidos na Unidade III.

Nas últimas semanas do curso os distintos grupos presentarán o seu traballo na aula e someteranse a debates cos restantes compañeiros. Finalmente, no día do exame final da materia o alumnado entregará tamén un ensaio escrito sobre a variedade previamente asignada.

2. Fases da actividade proposta

A continuación, descríbense as distintas fases do traballo en grupo, que se desenvolverá ao longo de todo o cuadrimestre:

- Fase 1. O profesorado dedicará unha das clases da segunda semana do cuadrimestre á explicación da actividade, na que fará especial fincapé en distintos aspectos do traballo, como son os seguintes: o sentido da actividade, os obxectivos e competencias que se agardan alcanzar coa realización do traballo, duración, extensión e partes das que constará o traballo, tanto no que se refire á presentación oral como ao ensaio escrito, os criterios de avaliación e as datas de presentación e entrega. Ademais, nesta mesma sesión, entregaráselle ao alumnado unha guía dos puntos principais que deben ser tratados nos traballos (véxase Anexo 1). Esta guía estará dispoñible tamén no Campus Virtual da materia. Nesta mesma sesión, os estudantes organizaranse en grupos de traballo de forma aleatoria, ben en parellas, ben en grupos reducidos, dependendo do número de matriculados na materia. A cada un dos grupos se lle asignará unha variedade distinta do inglés. A listaxe de variedades seleccionadas cada curso académico determinarase polo profesorado con anterioridade para desta forma garantir que en cada ano se cubran as diferentes áreas xeográficas no contexto do mundo anglófono, así como os distintos tipos estruturais de variedades, é dicir, variedades intranacionais das Illas Británicas e dos EUA e variedades internacionais (véxase o [Anexo 2](#) para unha listaxe de variedades estudadas en cursos anteriores).
- Fase 2. Nas semanas seguintes, os grupos comezarán a traballar nas súas respectivas variedades, primeiro mediante as fontes bibliográficas proporcionadas na guía docente e no programa da materia, e logo, unha vez cuberta a Unidade III, mediante fontes máis específicas para cada variedade, así como cos materiais electrónicos gratuítos dispoñibles en internet dedicados ao estudo da lingua inglesa, como atlas lingüísticos (por exemplo, o *Electronic World Atlas of Varieties of English* ou *eWAVE*), coleccións e arquivos de gravacións de distintas variedades (por exemplo, o *International Dialects of English Archive* ou *IDEA* e os materiais da web da British Library) e corpus lingüísticos (*International Corpus of English* e *Global Web-based English*, entre outros).
- Fase 3. Algún tempo antes das presentacións do alumnado, o profesorado fará unha presentación oral sobre unha variedade inglesa que non foi asignada ao alumnado do curso, incorporando todas as partes esenciais que teñen que ser cubertas nos traballos, a saber:

- (a) Breve descripción da variedade e a súa contextualización: localización xeográfica, número estimado de falantes, historia da variedade, coexistencia con outras variedades e/ou linguas no mesmo territorio e clasificación da variedade de acordo cos distintos modelos presentados na Unidade II da materia.
- (b) Introducción das características máis representativas da variedade nos distintos niveis de análise lingüística (fonolóxico, ortográfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e pragmático), establecendo unha comparación coas variedades de referencia, o inglés británico ou o inglés norteamericano, ás que se lles dedica unha unidade específica do programa da materia (Unidade IV).
- (c) Ilustración das características máis significativas da variedade por medio de textos escritos e/ou materiais audiovisuais. Será o propio alumnado quen decida o formato que terá esta parte da presentación na aula: en forma de exercicio que os seus/súas compañeiros/as terán que resolver individualmente ou en grupo, en forma de concurso entre distintos grupos etc.

O obxectivo principal desta presentación é que o estudantado poida ver de maneira máis concreta o que se espera deles e da súa contribución. Esta presentación irá seguida dunha sesión de preguntas e discusión, que serve de mostra para que o alumnado se faga unha idea das cuestións que terán que responder nas sesións de debate que terán lugar despois de cada unha das presentacións dos distintos grupos.

- Fase 4. Ademais das titorías semanais ás que poden acudir as/os estudantes en calquera momento do cuadrimestre co profesorado, aproximadamente tres semanas antes da presentación na aula cada parella ou grupo terá que asistir a unha titoría personalizada, na que presentarán un borrador do traballo e formularán as dúbidas que poidan ter sobre calquera das partes do mesmo.
- Fase 5. Unha vez concluído o traballo, o estudantado enviará a súa presentación (PowerPoint, Prezi etc.) ao profesorado para que este a poña a disposición do resto do alumnado matriculado no Campus Virtual con carácter previo á presentación na aula (antelación mínima: 24 horas).
- Fase 6. Nas últimas semanas de clase (finais de abril e principios de maio) levaranse a cabo as presentacións na aula por parte de todos os membros dos grupos de traballo. Tanto o profesorado como o resto do alumnado do curso poderán formular preguntas e manifestar as súas dúbidas e ofrecerán *feedback* aos membros do equipo de traballo, tanto sobre o contido da súa presentación como sobre a posta en escena. O tempo para cada presentación é de 15 minutos aproximadamente, seguidos de 5 minutos dedicados a discusión e debate.
- Fase 7. As dúas últimas sesións do cuadrimestre reservaranse para unha posta en común de todas as presentacións realizadas, facendo especial fincapé naqueles aspectos compartidos por dúas o máis variedades no que atinxe a cada un dos compoñentes lingüísticos analizados (fonético, morfosintáctico, léxico etc.). Desta maneira, o alumnado recoñecerá as pautas de variación máis significativas no mundo anglófono.

- Fase 8. Cada parella ou grupo disporá a continuación dunhas semanas para revisar o traballo e melloralo coa incorporación das aportacións realizadas durante as presentacións orais, antes de entregar por escrito a versión definitiva da súa presentación. A extensión do ensaio escrito será de 3.000-3.500 palabras, excluídos as referencias bibliográficas e os anexos. A versión escrita debe incluír todos os aspectos introducidos na presentación oral.

AVALIACIÓN

Debido ao carácter principalmente práctico desta UD, tanto a asistencia ás clases e ás titorías personalizadas como a participación activa nas distintas sesións son fundamentais para acadar un correcto desenvolvemento da mesma. A presente UD representará o 25% da nota final da materia, dos que un 12% corresponde coa presentación oral e un 13 % co ensaio escrito (véxase Táboa 1). A avaliación basearase na cualificación obtida en tres distintas fases:

1. Avaliación inicial

Antes do comezo da UD o alumnado fará unha proba dos seus coñecementos previos no que atinxe aos distintos temas que se abordarán. O obxectivo principal deste test é que o estudantado poida identificar os principais puntos a tratar ao longo da UD e relacionar eses contidos con outros temas da mesma materia ou incluso con outras materias da titulación.

Táboa 1: Avaliación da materia *Variedades do Inglés*

Partes da materia	Porcentaxe
Asistencia e participación activa	10%
Tarefas periódicas	15%
Presentación oral e ensaio escrito «Aproximación a unha variedade xeográfica da lingua inglesa»	25% (12% da presentación oral e 13% do ensaio escrito)
Exame final	50%

2. Avaliación procesual

Durante o desenvolvemento da UD, o alumnado terá que acudir a unha titoría personalizada na que, ademais de presentar un borrador do traballo realizado, presentará as dúbidas que poida ter, ben sobre os contidos, ben no referente á estrutura do traballo. Ademais, nunha das clases terá que expor o seu traballo diante do profesorado e dos seus compañeiros, que lle ofrecerán *feedback* sobre os distintos aspectos do traballo realizado (estrutura, información relativa ás características lingüísticas da variedade obxecto de estudo, posta en escena etc.).

3. Avaliación final

Na derradeira sesión da UD o alumnado terá que entregar o seu traballo escrito final, no que amosará as súas competencias sobre os contidos abordados na UD. Este traballo final deberá incluír tamén aqueles aspectos que lle foran suxeridos na/s titoría/s e na sesión da presentación oral do traballo. Na avaliación do produto final valorarase non só o contido e a estrutura, senón tamén a correcta comprensión e expresión dos conceptos tratados na UD e na materia en xeral. Tamén se avaliará o uso da lingua inglesa, as convencións do inglés académico e as cuestións formais, como a anotación lingüística.

BIBLIOGRAFÍA

- BAUER, Laurie (2002): *An introduction to international varieties of English*, Edinburgh: Edinburgh University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511611889>
- CHESHIRE, Jenny (ed.) (1991): *English around the world. Sociolinguistic perspectives*, Cambridge: Cambridge University Press.
- CRYSTAL, David (2003): *English as a global language*, Cambridge: Cambridge University Press.
- FREEBORN, Dennis (1993): *Varieties of English* (2ª ed), London: Macmillan. <https://doi.org/10.1007/978-1-349-22723-5>
- HUGHES, Arthur e Peter TRUDGILL (1996): *English accents and dialects. An introduction to social and regional varieties of English in the British Isles* (3ª ed.), London: Arnold.
- JENKINS, Jennifer (2015): *Global Englishes: A resource book for students* (3ª ed.), London: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9781315761596>
- KORTMANN, Bernd e Kerstin LUNKENHEIMER (eds.) (2011): *The Electronic World Atlas of Varieties of English [eWAVE]*, Leipzig: Max Planck Institute for Evolutionary Anthropology. Dispoñible en liña en <http://ewave-atlas.org/>.
- KORTMANN, Bernd e Edgar SCHNEIDER (eds.) (2004): *A handbook of varieties of English. A multimedia reference tool. Volume 1: Phonology. Volume 2: Morphology and Syntax*. Berlín e Nova York: Mouton de Gruyter. <https://doi.org/10.1515/9783110175325.2.770>
- KACHRU, Braj B. (1985): «Standards, codification and sociolinguistic realism: The English language in the outer circle». En Randolph Quirk e H. G. Widdowson (eds.), *English in the world: Teaching and learning the language and literatures*, Cambridge: Cambridge University Press, pp. 11-31.
- KACHRU, Braj B., Yamuna KACHRU e Cecil L. NELSON (eds.) (2006): *The handbook of world Englishes*, Oxford: Blackwell. <https://doi.org/10.1111/b.9781405111850.2006.x>
- MAIR, Christian (2013): «The World System of Englishes: Accounting for the transnational importance of mobile and mediated vernaculars», *English World-Wide*, 34(3), pp. 253-278. <https://doi.org/10.1075/eww.34.3.01mai>
- MCARTHUR, Tom (1987). «The English Languages?», *English Today*, 11, pp. 9-13. <https://doi.org/10.1017/S0266078400013511>

- MESTHRIE, Rajend e Rakesh M. BHATT (2008): *World Englishes: The study of new linguistic varieties*, Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511791321>
- SCHNEIDER, Edgar W. (2007): *Postcolonial English. Varieties around the world*, Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511618901>
- SCHREIER, Daniel, Peter TRUDGILL, Edgar W. SCHNEIDER e Jeffrey P. WILLIAMS (2010): *The lesser-known varieties of English. An introduction*, Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9780511676529>
- SIEMUND, Peter (2013): *Varieties of English: A typological approach*, Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9781139028240>
- TAGLIAMONTE, Sali A. (2012): *Roots of English: Exploring the history of dialects*, Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/S1360674314000185>
- TRUDGILL, Peter (1983): *On dialect: Social and geographic perspectives*, Oxford: Blackwell. <https://doi.org/10.1017/CBO9781139046718>
- (1994): *Dialects*, London: Routledge.
- TRUDGILL, Peter e Jean HANNAH (1994): *International English. A guide to the varieties of Standard English* (3ª ed.), London: Edward Arnold.
- UPTON, Clive e J. D. A. WIDDOWSON (1996): *An atlas of English dialects*, Oxford: Oxford University Press.
- WOLFRAM, Walt e Natalie SCHILLING-ESTES (1998): *American English. Dialects and variation*, Oxford: Blackwell.

ANEXOS

No que segue, amósanse a guía dos aspectos cruciais que deben ser tratados nos traballos e unha listaxe de variedades estudadas en cursos previos da materia *Varietades do Inglés*:

1. Guía das presentacións orais e ensaios escritos

Written report: 3,000 - 3,500 words (excluding references). It should be submitted by the date of the final exam via the teaching platform (*Campus Virtual*).

Oral presentation: approx. 15 min. + 5 min. for discussion. Presentations should be submitted via the teaching platform (*Campus Virtual*) at least 24 hours in advance.

- Brief description of the selected variety (location, estimate number of speakers, history, co-existence with other languages/varieties, classification of the variety according to different models, etc.).
- Discussion of the most relevant features of the selected variety in comparison with the reference varieties (British English and American English). Special attention should be paid to features such as the following (whenever relevant):
 - (a) Main phonological features: vowels and diphthongs. E.g. monophthongization of /eɪ/ in words like *face*; /ʊ/ for /ʌ/ in words like *but*; /æ/ for /ɑ:/ in words like *bath*; etc.

- (b) Main phonological features: consonants.
E.g. /h/-dropping; yod-dropping; rhoticity; etc.
- (c) Personal pronouns.
E.g. special forms for the 2nd p. pl. (*youse*, etc.); generic *he* for all genders; etc.
- (d) Noun morphology.
E.g. plural marking (*two book, furnitures*); etc.
- (e) Verb morphology.
E.g. regularization of irregular verb paradigms (*catched*); zero past forms of regular verbs (e.g. *walk* for *walked*); etc.
- (f) Agreement.
E.g. invariant present tense forms; existential *there's* for the plural; etc.
- (g) TAM (Tense-Aspect-Mood).
E.g. wider range of uses of the progressive (*I'm liking this*); *be* as perfect auxiliary (*They are not left school yet*); etc.
- (h) Negation.
E.g. multiple negation; *ain't*; invariant tags (*innit?*); etc.
- (i) Relativization.
E.g. zero relativizer in subject position; relativizer *at*; etc.
- (j) Word order.
E.g. lack of inversion in questions; etc.
- (k) Lexicon.
E.g. South-African *robot* ('traffic-light').

2. Listaxe de variedades para as presentacións e ensaios escritos

- African American Vernacular English
- Australian English
- Bahamian English
- Chicano English
- Gullah
- Hawai'i Creole
- Hong Kong English
- Indian English
- Irish English
- Jamaican English
- Nigerian English
- Northern English dialects
- Philippine English
- Scottish English
- Singlish
- South African English
- Tok Pisin
- New Zealand English



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

